







# Sendeiro de San Vicente



-  Panel
-  Poza
-  Muíño
-  Aparcadoiro

 Sendeiro da Valgada de San Vicente Ida e volta 7,8 km

Camiño da Igrexa a Gradín 1,250

Camiños de Carro Gradín e Paradela

Camiño dos muíños 1 km

Camiño da presa 1,7 km



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Partindo dende a **Igrexa de Santa Eulalia**, poderedes achegarvos a pé polo camiño da Igrexa ata **Gradín**, e despois de atravesar a aldea, tomar no **campo de fútbol** o **camíño da presa** que vos leva ata as **pozas do Souto**, das **Preirinas** e de **Porto Fontán**. Dalí ao río onde atopades os **muíños de Gradín e Paradela**. Está é unha fermosa paraxe co río San Vicente e os vellos carballos, onde poderedes descansar e visitar tódolos muíños, algúns augas abaixo. Posteriormente tomaredes o **camíño de carro de Paradela**, que sube augas arriba polo val ata atopar a pista forestal de Barcala e voltar polo **camíño de carro e Gradín** que discorre en parte baixo unha bonita carballeiriña. Este percorrido pódese facer ao revés, indo primeiro polo **camíño de carro de Gradín** e voltando polo camiño da presa. O percorrido completo pode levar ben 3 horas, é recomendable levar bo calzado xa que podes atopar anacos embarrados. Percórrese sen grandes dificultades mais é para xente afeita a andar polo monte.



## Sendeiro da Valgada de San Vicente ao seu paso polos montes veciñais de Gradín e Paradela

Ao longo deste sendeiro poderedes apreciar o inxenio, a arte, a intelixencia coa que os nosos antepasados aproveitaban os recursos que a natureza ofrecía. Os camiños de carro por onde cantaban a diario os carros de vacas no seu constante trasfego entre o monte e as veigas. O camiño da presa, camiño da auga de regar que viña tamén do monte. E a auga como forza motriz para moer o gran no muíño.

